

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DE INNOVACIÓN E A ASOCIACIÓN BIOGA-
CLÚSTER TECNOLÓXICO EMPRESARIAL DAS CIENCIAS DA VIDA PARA A IMPLEMENTACIÓN DUN PLAN
DE ACTIVIDADES PARA IMPULSAR A COMPETITIVIDADE, A INNOVACIÓN E A TRANSFERENCIA NO
TECIDO EMPRESARIAL GALEGO DO SECTOR BIOTECNOLÓXICO NO PERÍODO 2024-2025**

En Santiago de Compostela, a 16 de febreiro de 2024

REUNIDOS

Dunha parte, Dona María Jesús Lorenzana Somoza, conselleira de Economía, Industria e Innovación da Xunta de Galicia, nomeada para este cargo polo Decreto 67/2023, do 14 de xuño de 2023 (DOG núm. 113 do 15.06.2023), actuando no exercicio das competencias que ten atribuídas polo artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta de Galicia e da súa presidencia (DOG núm. 23 do 21.03.1983), modificada polas leis 11/1988, do 20 de outubro; 12/1989, do 4 de outubro; 7/2002, do 27 de decembro; 2/2007, do 28 de marzo; 12/2007, do 27 de xullo; e 10/2015, do 31 de agosto; e presidenta da Axencia Galega de Innovación (en diante GAIN), en virtude do disposto no artigo 12 do Decreto 50/2012, do 12 de xaneiro, polo que se crea a Axencia Galega de Innovación e se aproban os seus estatutos.

Doutra parte, Don José Manuel López Vilariño, na súa condición de presidente da Asociación BIOGA – Clúster Tecnolóxico Empresarial das Ciencias da Vida (en diante BIOGA) con NIF G70259312 e sede na Rúa Murcia, edificio CSIEB, Polígono A Sionlla 3, 15707 Santiago de Compostela (A Coruña), actuando en representación desta en uso das atribucións que lle confire o artigo 22 dos Estatutos desta entidade e en virtude da aceptación do cargo de presidente da data 09.06.2023.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos no exercicio das funcións que, para convir en nome das entidades que representan, teñen conferidas e

EXPOÑEN

PRIMEIRO.-

Que son obxectivos da Xunta de Galicia en xeral, e de GAIN en particular, incrementar a competitividade do tecido produtivo galego a través do coñecemento e a innovación, establecendo como unha das súas prioridades a difusión da transferencia de tecnoloxía e a mellora da cultura de I+D+i como clave para o crecemento e o desenvolvemento socioeconómico de Galicia.

SEGUNDO.-

Que GAIN é unha axencia pública autonómica encadrada nas entidades instrumentais do sector público autonómico reguladas no título III da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral do sector público autonómico, tal e como se recolle no Decreto 50/2012, do 12 de xaneiro, polo que se crea a Axencia Galega de Innovación e se aproban os seus estatutos (modificado polo Decreto 15/2014, de 6 de febreiro; o Decreto 64/2016, do 26 de maio, o Decreto 125/2016, do 1 de setembro; o Decreto 85/2019, do 4 de xullo; o Decreto 105/2021, do 1 de xullo; e o Decreto 225/2022, do 29 de decembro). Encóntrase adscrita á Consellería de Economía, Industria e Innovación e conta con personalidade xurídica propia diferenciada respecto da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, patrimonio e tesourería propios e autonomía de xestión nos termos que precisen as leis.

GAIN ten como finalidade fomentar e vertebrar as políticas de innovación nas administracións públicas galegas e o apoio e impulso do crecemento e da competitividade das empresas de Galicia, a través da implementación de estratexias e programas de innovación eficientes. Os seus estatutos atribúenlle, entre outras, as seguintes funcións: a ordenación, planificación, coordinación, execución e seguimento das competencias en materia de fomento da investigación que ten atribuídas a Comunidade Autónoma de Galicia en virtude do establecido no artigo 27.19º do Estatuto de autonomía de Galicia e a promoción, xestión e execución do Plan Galego de Investigación, Desenvolvemento e Innovación Tecnolóxica, asumindo a súa coordinación, seguimento e avaliación.

TERCEIRO.-

Que BIOGA, constituída ao amparo da Lei Orgánica 1/2002, reguladora do dereito de asociación, é unha asociación sen ánimo de lucro de ámbito da comunidade autónoma de Galicia, dotada con personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar de acordo coa lexislación vixente sobre asociacións.

Segundo o artigo 4 dos seus estatutos, BIOGA ten entre os seus fins:

- Aproveitar as oportunidades da innovación que presenta o sector das Ciencias da Vida como vector de crecemento económico e social.
- Colaborar coa administración autonómica galega, co resto das administracións autonómicas, coa administración xeral do estado e coa administración europea, para o desenvolvemento dun marco legal e institucional de fomento da innovación no sector.
- Apoiar o emprendemento e consolidación das empresas no sector das Ciencias da Vida.

- Apoiar a expansión internacional das empresas no sector das Ciencias da Vida.
- Configurarse como clúster empresarial na comunidade autónoma de Galicia
- Promover a análise e a prospectiva permanente do sector e as súas tendencias a nivel español e internacional, así como a divulgación dos avances científicos e tecnolóxicos das Ciencias da Vida e os beneficios que achega á sociedade.
- Organizar actividades formativas orientadas ao sector das Ciencias da Vida.
- Realizar proxectos e actuacións de Investigación e Desenvolvemento para o sector das Ciencias da Vida.
- Acadar financiamento e canalizar axudas para os asociados para o desenvolvemento de proxectos non ámbito das Ciencias da Vida.

Que BIOGA é a asociación empresarial máis representativa do sector biotecnolóxico en Galicia, aglutinando a maioría das organizacións integradas na cadea de valor do ecosistema biotecnolóxico. Na actualidade a asociación está integrada por 111 socios, tanto empresariais como institucionais.

O 14% dos socios de BIOGA están vinculados ao desenvolvemento e produción de fármacos e vacinas, o 16% ás novas tecnoloxías para a medicina personalizada, o 15% á alimentación funcional e nutracéutica para a saúde e o envellecemento activo, o 16% ao medio ambiente, economía circular e bioenerxía, o 11% á produción e aproveitamento agrogandeiro e forestal, o 8% á xestión e aproveitamento dos recursos mariños e o 20% ás tecnoloxías facilitadoras e servizos ao sector.

O clúster traballa para mellorar o posicionamento competitivo do sector biotecnolóxico galego, buscando a mellora competitiva e a xeración de negocio mediante o impulso de accións e servizos directamente dirixidos ás empresas do sector.

BIOGA creceu constantemente tanto en integrantes como en actividade centrando as súas accións en:

- Prestar servizos de interese directo ás empresas, especialmente durante os seus tres primeiros anos de vida en accións orientadas a potenciar o networking intersectorial, a través do seu programa de Bioalmorzos, o apoio ao emprendemento e o seu financiamento, mediante as lonxas de financiamento e o apoio ao crecemento e mellora competitiva a través de diversos servizos de formación e asesoramento.
- Desenvolver proxectos sectoriais en colaboración con outras rexións co fin de aglutinar máis masa crítica para o tecido empresarial biotecnolóxico e captar financiamento rexional, estatal e europeo.

CUARTO.-

Que a Lei 5/2013, do 30 de maio, de fomento da investigación científica e a innovación de Galicia, ten por obxecto establecer o marco para o fomento da investigación e do desenvolvemento tecnolóxico, da transferencia e valorización de resultados e da innovación en Galicia en todas as súas vertentes, así como da súa xestión eficiente. Esta lei, no seu capítulo III, establece que o Plan Galego de Investigación e Innovación é o instrumento fundamental de planificación e coordinación das políticas en materia de investigación, transferencia, valorización e innovación en Galicia e confírelle no seu artigo 15.5 a consideración de plan estratéxico de subvencións, para os efectos do establecido no artigo 5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

O 8 de abril de 2022, o Consello da Xunta de Galicia adoptou o acordo mediante o cal se aprobou a Estratexia de especialización intelixente (RIS3) de Galicia 2021-2027, que define o marco para as políticas de investigación e innovación na comunidade autónoma para este período, así como o Plan de investigación e innovación de Galicia 2022-2024, que concreta desde un punto de vista operativo este marco estratéxico.

A RIS3 supuxo unha aposta sen precedentes polo sector da biotecnoloxía, polo seu papel destacado e esencial no desenvolvemento dos sectores estratéxicos para a comunidade, como o agromar-alimentario e a saúde.

No seu período 2021-2027, a RIS3 aborda a través da I+D+i tres grandes retos da economía e da sociedade galega. Para darlles resposta, a estratexia orienta as capacidades e os esforzos de investigación e innovación en Galicia, por unha banda, cara a tres prioridades temáticas transversais, e pola outra, reforza e impulsa o ecosistema galego de innovación a través de cinco obxectivos estratéxicos, arredor dos cales articula os instrumentos e actuacións que se desenvolverán integrados nos correspondentes programas. Estes instrumentos poden dirixirse a prioridades e ámbitos de priorización concretos ou ser horizontais en relación cos retos e prioridades.

Os instrumentos, apoios e actuacións que se desenvolven no marco da RIS3 en relación con cada obxectivo estratéxico recóllense nos correspondentes programas.

Este convenio enmárcase na RIS3 respondendo polo seu carácter transversal aos tres retos e ás prioridades 1 (sustibilidade) e 3 (enfoque cara ás persoas). Ten como obxectivo estratéxico completar e consolidar as cadeas de valor (obxectivo estratéxico 3), integrándose polo tanto no programa Completa e transfire.

QUINTO.-

Que en 2016 a Xunta de Galicia puxo en marcha a primeira estratexia para o impulso da biotecnoloxía en Galicia, a cal sentou as bases da actual Estratexia de Consolidación da Biotecnoloxía para o período 2021-2025. Este documento táctico asume a misión de situar a Galicia como polo de referencia en biotecnoloxía fixando as liñas de actuación ata o horizonte do ano 2025 cos seguintes obxectivos: incrementar nun 50% o número de empresas do sector biotecnolóxico de Galicia (máis de 63 empresas), aumentar nun 50% a facturación global do sector (máis de 220 millóns de euros), incrementar nun 25% o emprego do persoal cualificado en biotecnoloxía (máis de 500 persoas empregadas), ampliar nun 45% o gasto en I+D+i en biotecnoloxía (máis de 45 millóns de euros), incrementar nun 20% o número de investigadores (máis de 250 investigadores), aumentar nun 300% o capital do investimento privado (máis de 30 millóns de euros) e afianzar a hibridación sectorial mediante o desenvolvemento de 40 proxectos de I+D+i. A finalidade última é promover o uso e a aplicación da biotecnoloxía en todos os sectores económicos e fomentar un ecosistema colaborativo que favoreza o emprendemento, o crecemento e a atracción de empresas cara a Galicia.

Tanto a Estratexia de Impulso como a de Consolidación, definen unha serie de subsectores prioritarios: o aproveitamento dos recursos mariños e pesqueiros, a alimentación funcional e o envellecemento activo, os novos produtos e procesos para o sector lácteo, as novas tecnoloxías para o medicamento personalizado, a eficiencia na sanidade animal e derivados e a innovación aberta para o descubrimento de fármacos, aos que se suman como subsector transversal ou das tecnoloxías facilitadoras: tics e bioinformática, química biolóxica, xenética, bioenxeñería e tecnoloxías ambientais.

SEXTO.-

Que co desenvolvemento da Axenda de Competitividade Industrial Galicia Industria 4.0, aprobada polo Consello da Xunta de Galicia en 2015, e renovada cun novo Plan de impulso á transformación dixital en 2019, a Xunta de Galicia aspira a modernizar a industria galega a través da innovación, establecendo novas fórmulas de produción que melloren a súa competitividade, e impulsando a fabricación de produtos diferenciados e de calidade. Esta axenda ten unha clara orientación sectorial co obxectivo, tanto de reforzar sectores estratéxicos da economía galega – agroalimentario, automoción, naval, forestal ou téxtil-, como de impulsar outros emerxentes e de maior valor engadido, como o aeronáutico, o biotecnolóxico ou as TIC.

As agrupacións empresariais innovadoras son *estruturas organizadas entre diversos actores económicos concibidos para estimular actividades innovadoras e novas formas de colaboración, así coma para o intercambio e transferencia de coñecementos, a creación de redes, a difusión de información e a*

colaboración entre as empresas e outras organizacións.

SÉTIMO.-

Que BIOGA responde á definición de agrupación empresarial innovadora -ou clúster- establecida no artigo 2 do Regulamento (UE) 651/2014 da Comisión, do 17 de xuño de 2014, polo que se declaran determinadas categorías de axudas compatibles co mercado interior, no sentido de que persegue a cooperación entre diversas institucións e empresas públicas e privadas relacionadas co sector biotecnolóxico en Galicia, estimulando a posta en marcha de actividades innovadoras e de novas formas de colaboración, así como o intercambio de coñecementos e a contribución efectiva á transferencia destes á industria da biotecnoloxía.

Ao mesmo tempo, BIOGA, de acordo co artigo 1 e 2 do anexo I do devandito regulamento europeo, cumpre cos requisitos de efectivos e límites financeiros establecidos para estar considerada coma unha empresa da categoría de peme, ao ser unha asociación que exerce, de forma regular, unha actividade económica ofertada a partir dun catálogo cos seguintes servizos: crecemento e mellora competitiva, innovación e impulso de proxectos, emprendemento e financiamento de proxectos, internacionalización e acceso a novos mercados e networking intersectorial no marco do sector biotecnolóxico.

OITAVO.-

Que GAIN vén colaborando con BIOGA desde 2015 coa posta en marcha de convenios que permitiron o desenvolvemento de condicións favorables para o crecemento en Galicia do talento e do emprendemento ao redor da biotecnoloxía.

Que ao longo destes anos o sector da biotecnoloxía en Galicia rexistrou datos moi positivos. O sector presenta unha taxa de crecemento anual de entidades biotecnolóxicas do 13%, o que supuxo acadar no ano 2022 a cifra de 170 organizacións na biorrexión, as cales facturaron 1.296 millóns de euros e crearon 5.629 postos de traballo (Informe BIOGA 2023). Galicia hoxe en día é a segunda biorrexión de España con mellor comportamento en termos de crecemento do gasto interno en I+D biotecnolóxico no período 2016-2021, por diante de comunidades como Cataluña, Valencia ou Madrid.

Que se considera que, no ecuador da Estratexia de Consolidación do sector Biotecnolóxico de Galicia, BIOGA demostrou ser unha entidade coñecedora das oportunidades e puntos febles do ecosistema biotecnolóxico, e por tanto, é unha entidade relevante para acadar os obxectivos da dita estratexia. Por

tanto, procede focalizar este convenio naqueles ámbitos onde BIOGA pode achegar valor engadido ao ecosistema.

NOVENO.-

Que o plan de colaboración proposto por BIOGA para os anos 2024 e 2025 configúrase como axeitado para contribuír a acadar o concreto interese da Xunta de Galicia na promoción da biotecnoloxía e, consecuentemente, como medida idónea para complementar as actuacións que GAIN está implementando para apuntalar os avances alcanzados no sector biotecnolóxico empresarial galego. Todo isto en liña cos obxectivos e actuacións da Estratexia de Consolidación da Biotecnoloxía 2021-2025 e coa Estratexia de Especialización Intelixente (RIS3) de Galicia 2021-2027.

DÉCIMO.-

Que a Consellería de Economía, Industria e Innovación, a través de GAIN, e BIOGA, consideran que estes convenios de colaboración son un instrumento eficaz de financiamento para a promoción da I+D+i de excelencia en Galicia, xa que promove e incentiva o esforzo na obtención de resultados de calidade.

Dada a especificidade do obxecto do convenio non procede a realización dunha convocatoria pública para o desenvolvemento das actuacións deste, debido ás especiais características e singularidade de BIOGA, na súa condición de entidade integradora dos intereses do sector biotecnolóxico en Galicia.

Por todo o anterior, a subscrición do presente convenio de colaboración representa o instrumento adecuado de apoio aos obxectivos estratéxicos do sector e de interese xeral pretendidos polas partes asinantes, circunstancia que determina a dificultade de promover a concorrência pública, aos efectos do establecido no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, nos artigos 19 e 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no artigo 40 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da citada Lei.

Con estes fins as partes acordan subscribir o presente convenio segundo as seguintes,

CLAÚSULAS

PRIMEIRA.- Obxecto

O presente convenio ten como obxecto determinar o marco de colaboración entre GAIN e BIOGA para a realización e execución de actuacións que impulsen o papel do sector biotecnolóxico empresarial galego, así como da súa cadea de valor (universidades, centros, empresas, startups...). Deste xeito, búscase seguir potenciando o desenvolvemento da biotecnoloxía, como Tecnoloxía Facilitadora Esencial (TFE), e o apoio aos diversos sectores produtivos de Galicia.

As actuacións a desenvolver ao amparo do presente convenio detállanse no Anexo I, e estarán destinadas a:

Actuación 1. Custos relativos a servizos externos para o asesoramento e apoio en materia de innovación

- Acción 1.1. Estudos de benchmarking con outras biorrexións para o período 2024-2025.
- Acción 1.2. Apoio para a dinamización de proxectos europeos e atracción de investimentos ao sector bio.
- Acción 1.3. Servizos de apoio á transferencia para o fomento do Bioemprendemento.
- Acción 1.4. Fomento de boas prácticas a nivel internacional.

Actuación 2. Custos relativos ao funcionamento do clúster

- Acción 2.1. Organización dos Premios BIOGA.
- Acción 2.2. Elaboración do informe Anual de Situación do sector biotech.
- Acción 2.3. Accións orientadas a captar financiamento privado.
- Acción 2.4. Accións para o fomento de proxectos e iniciativas sectoriais biohíbridos.
- Acción 2.5. Accións para a participación e representación en feiras e eventos de interese do sector biotech no ámbito nacional e internacional.

SEGUNDA.- Financiamento

As actividades obxecto do presente convenio teñen un custo estimado de 367.637€, para o que GAIN, concede unha subvención a fondo perdido de 250.000 €.

GAIN financiará as actuacións con cargo á aplicación orzamentaria 09.A2.561A.781.0 (código de proxecto 2019-00001) dos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2024 e 2025, na cal existe crédito adecuado e suficiente, de acordo coa seguinte distribución:

	ANO 2024	ANO 2025	Total
Orzamento total	159.274€	208.363€	367.637€
Axuda GAIN total	100.000 €	150.000 €	250.000 €

A modificación da distribución inicialmente aprobada rexerese segundo o previsto no artigo 26.3 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Así mesmo, de ser o caso, o reaxuste de anualidades farase de acordo co preceptuado no artigo 27 do mesmo corpo legal.

TERCEIRA.- Gastos subvencionables e intensidade das axudas

1. De acordo co previsto no artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, consideraranse subvencionables os gastos que, sen admitir dúbida, respondan á natureza da actividade subvencionada de acordo coa descrición das accións recollidas no anexo I, coa previsión de orzamento recollido no anexo II e que se realicen no período comprendido entre a data da sinatura e a data límite de execución da axuda establecida no convenio. En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

En ningún caso se considerarán gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación nin os impostos persoais sobre a renda. O imposto sobre o valor engadido (IVE) poderase considerar gasto subvencionable cando a entidade beneficiaria acredite mediante a correspondente certificación que se encontra acollida ao réxime de exención, parcial ou total, do IVE.

2. A contía máxima da axuda que pode ser concedida a BIOGA determinarase sobre o investimento total que se subvenciona e será conforme cos límites de intensidade previstos nos artigos 27 e 28 do Regulamento (UE) núm. 651/2014, da Comisión, do 17 de xuño de 2014, polo que se declaran determinadas

categorías de axudas compatibles co mercado interior (DOUE núm. 187 do 26.06.2014), tendo en conta o seguinte:

- i. Nas accións relativas á actuación 1 do Anexo I, serán subvencionables os custos de servizos externos para o asesoramento e apoio en materia de innovación, de conformidade ao artigo 28.4 do Regulamento (UE) núm. 651/2014, e cunha intensidade máxima do 100%, sempre no caso de que a entidade non recibise, ou teña en execución, axudas para servizos de asesoramento e apoio en materia de innovación superiores a 220.000 € nos últimos tres anos naturais (incluído o ano da presente convocatoria). No caso de superarse o límite antes citado, a intensidade de axuda estará limitada ao 50 % dos custos subvencionables para estes servizos.

A estes efectos, entenderanse de conformidade coas definicións do artigo 2 do regulamento (UE) núm. 651/2014 os seguintes:

- Custos de servizos de asesoramento en materia de innovación: consultoría, asistencia e formación nos ámbitos da transferencia de coñecemento, a adquisición, protección e explotación de activos inmateriais, e o uso de normas e regulamentos que os incorporan, así como a consultoría, a asistencia ou a formación sobre a introdución ou a utilización de tecnoloxías e solucións innovadoras (incluídas as tecnoloxías e as solucións dixitais);
 - Custos de servizos de apoio en materia de innovación: o subministro ou accesos a bases de datos e servizos de almacenamento de datos, bibliotecas, estudo de investigación de mercados, laboratorios, etiquetaxe de calidade, ensaio, experimentación e certificación ou outros servizos relacionados – incluídos os servizos prestados por organizacións de difusión de investigación e coñecementos, infraestruturas de investigación e infraestruturas de ensaio e experimentación ou outras agrupacións empresariais innovadoras distintas de BIOGA, co fin de desenvolver produtos, procesos ou servizos máis eficaces ou tecnoloxicamente avanzados, incluída a aplicación de tecnoloxías e solucións innovadoras (incluídas as tecnoloxías e as solucións dixitais).
- ii. Nas accións relativas á actuación 2 do Anexo I, serán subvencionables os custos de persoal e custos administrativos (servizos, subcontratación e gastos xerais, entendidos estes coma os custos indirectos) relativos ao funcionamento da agrupación empresarial innovadora, de conformidade ao artigo 27.8 do Regulamento (UE) núm. 651/2014, e cunha intensidade máxima do 50%, para levar a cabo a actividade da agrupación relativas a:
 - facilitar a colaboración, o intercambio de información e a prestación ou a canalización de servizos especializados e personalizados de apoio ás empresas,

- a comercialización da agrupación para aumentar a participación de novas empresas u organizacións e reforzar a visibilidade,
- a xestión das instalacións da agrupación, a organización de programas de formación, talleres e conferencias para fomentar o intercambio de coñecementos e o traballo en redes, así como a cooperación transnacional.

3. Os custos indirectos son aqueles que non están vinculados ou non poden vincularse directamente coa actividade subvencionada por ter carácter estrutural, pero resultan necesarios para a súa realización, nos que se inclúen os gastos administrativos (tales como xestión administrativa e contable), gastos de supervisión e control de calidade, subministracións (tales como auga, electricidade, calefacción e teléfono), seguros, seguridade ou gastos de limpeza. O custo imputable por este concepto será o importe resultante de aplicar unha porcentaxe do 20% sobre o importe dos custos directos.

Detalle orzamentario por conceptos:

CONCEPTO DO CUSTO DAS ACTUACIÓNS E INTENSIDADE DA AXUDA	IMPORTE TOTAL
A. Actuación 1.- custos relativos a servizos externos para o asesoramento e o apoio en materia de innovación	132.364 €
<i>Intensidade máxima da axuda: 100 % dos custos da actuación 1</i>	<i>132.364 €</i>
B. Actuación 2.- custos relativos ao funcionamento do clúster	174.000 €
Servizos e subcontratación	34.000€
Persoal	140.000€
<i>Intensidade máxima da axuda: 50% dos custos da actuación 2</i>	<i>87.000 €</i>
C. Custos Indirectos (20% do total dos custos directos)	61.273 €
<i>Intensidade máxima da axuda: 50% dos custos indirectos</i>	<i>30.636 €</i>
TOTAL ORZAMENTO DE ACTUACIÓN	367.637 €
<i>TOTAL DA AXUDA CONCEDIDA</i>	<i>250.000 €</i>

4. Atendendo ao establecido no artigo 27 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, BIOGA poderá subcontratar o 100% dos gastos considerados de funcionamento da agrupación subvencionados ao abeiro do presente convenio. A contratación con terceiros dos servizos de asesoramento e apoio en materia de innovación non se considera, en ningún caso, subcontratación por ser servizos de apoio nos

que ten que incorrer o beneficiario para a realización por si mesmo da actividade subvencionada.

Respectando os límites establecidos no punto 7 do artigo 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 43 do Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento do citado texto legal, en ningún caso poderá concertar o beneficiario a execución total ou parcial das actividades subvencionadas con:

- a) Persoas ou entidades incursas nalgunha das prohibicións do artigo 10 desta lei.
- b) Persoas ou entidades que percibisen outras subvencións para a realización da actividade obxecto de contratación.
- c) Intermediarios ou asesores nos que os pagamentos se definan como unha porcentaxe de custo total da operación, agás que o dito pagamento estea xustificado con referencia ao valor de mercado do traballo realizado ou dous servizos prestados.
- d) Persoas ou entidades vinculadas co beneficiario, entendendo por tales as que respondan á definición do artigo 43.2 del Decreto 11/2009.

Así mesmo, o artigo 27.3 da citada Lei 9/2007 establece que cando a actividade concertada con terceiros exceda do 20% do importe da subvención e o dito importe sexa superior a 60.000 €, a subcontratación estará sometida ao cumprimento dos seguintes requisitos:

- Que o contrato se subscriba por escrito.
- Que a súa subscripción a autorice previamente, a entidade concedente da subvención, por escrito.

5. No caso de adquisición de bens de equipo, ou a contratación de servizos ou subministracións e materiais, cando o importe do gasto subvencionable iguale ou supere as contías establecidas na normativa de contratos para o contrato menor no global do proxecto para un mesmo provedor, deberán achegarse un mínimo de tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación do compromiso para a prestación do servizo ou a entrega do ben, agás que polas súas especiais características dos gastos non exista no mercado suficiente número de entidades que os presten ou subministren. Estas excepcións deberán xustificarse. A elección entre as ofertas presentadas realizarase de conformidade con criterios de eficacia e economía, e achegarase unha memoria xustificativa cando a elección non recaia na proposta económica máis vantaxosa.

6. En todo caso, de acordo co artigo 43.3 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, GAIN poderá comprobar, dentro do período de prescrición, o custo así como o valor de mercado das actividades subcontratadas.

7. Procederá a revogación das subvencións, así como ao reintegro total ou parcial das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de mora nos casos e termos previstos nos artigos 32 a 40 (capítulos I e II do Título II) da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

CUARTA.– Compromisos, publicidade e autorizacións

1. BIOGA comprométese a:

- Presentar previamente á sinatura do convenio:

- Declaración responsable de que cumpre coa condición de peme de acordo coas especificacións do artigo 2 do Anexo I do Regulamento (UE) nº 651/2014 na data da sinatura e que notificará calquera cambio que modifícase a súa inclusión dentro desta categoría.
- Documento acreditativo da inscrición dos estatutos, así como das súas diferentes modificacións no rexistro administrativo correspondente.
- Certificación do representante legal da entidade na que conste a identificación dos seus directivos, así como a data do seu nomeamento e modo de elección.
- Certificacións que acrediten que se atopa ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración Pública da Comunidade Autónoma, en cumprimento do artigo 11.e) da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións para a obtención de subvencións contempladas no artigo 10 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Declaración responsable de que non ten a consideración de empresa en crise conforme o disposto no artigo 2.18 do Regulamento (UE) 651/2014, do 17 de xuño, da Comisión.
- Declaración responsable de que non está suxeita a unha orde de recuperación pendente tras unha decisión previa da Comisión que tivese declarado unha axuda ilegal e incompatible co mercado común.
- Declaración do conxunto de axudas solicitadas ou concedidas para o mesmo fin, de todas as administracións públicas.

- Desenvolver as actividades do convenio seguindo as liñas de actuación establecidas no anexo I.
- Manter un sistema de contabilidade separado ou un código contable adecuado que facilite unha pista de auditoría apropiada en relación con todos os gastos correspondentes cos investimentos realizados ao abeiro desta resolución, e conservar a documentación xustificativa relativa a esta subvención durante un prazo de cinco anos, contados a partir do ano en que rematan as actividades obxecto da axuda.
- Facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas respectivas funcións de fiscalización e control de destino das axudas concedidas e facilitará a inspección e control dos órganos de GAIN co fin de supervisar o cumprimento das actividades do convenio.
- Comunicar a GAIN a obtención de subvencións e axudas para a mesma finalidade que a do presente convenio, procedentes de calquera outra Administración Pública ou de entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, tan pronto se teña coñecemento das mesmas.
- Subministrar toda a información necesaria para que GAIN poida dar cumprimento ás obrigas recollidas na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. No caso de que o beneficiario non atenda ao requirimento de información en prazo, procederase conforme ao establecido no artigo 4.4 do citado texto legal.
- Facilitar cantos datos resulten necesarios para a valoración do convenio no marco da avaliación da RIS3 Galicia ou doutros mecanismos de seguimento.
- Seguir as normas sobre protección de datos, concretamente a Lei orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal e as normas que a desenvolven.
- Cumprir co disposto no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Achegar os informes e documentos que acrediten o desenvolvemento das actividades do presente convenio, así como os informes e demais documentos requiridos por GAIN.
- Proceder ao reintegro, total ou parcial, dos fondos percibidos e máis os xuros de mora devindicados dende o momento do pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro, no suposto de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión, nos casos previstos no Título II da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.
- Facer constar expresamente a colaboración prestada por GAIN, en todo o material de execución das actividades do convenio coa utilización do seu correspondente logotipo identificativo.

2. BIOGA dá consentimento expreso á GAIN para:

a) O tratamento necesario dos datos relevantes deste convenio e a súa publicación na páxina web da Axencia Galega de Innovación e no Diario Oficial de Galicia, coas excepcións previstas no artigo 15.2º d) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

b) Incluír e facer público, a través do Portal de Transparencia e Goberno aberto e nos rexistros regulados polo Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos de axudas, subvencións e convenios e sancións, os datos referidos ás axudas e subvencións recibidas ao abeiro do presente convenio.

c) O cumprimento do disposto no artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, polo que a información relativa ao convenio requirida no ordinal oitavo do devandito artigo será comunicada á Base de datos nacional de subvencións (BDNS).

3. Os asinantes do convenio manifestan o seu consentimento para que os seus datos persoais que consten no convenio, e máis o resto de especificacións contidas no mesmo, poidan ser publicados no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

4. A sinatura do convenio comportará a autorización ao órgano xestor para consultar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia segundo o establecido no artigo 20.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño. Non obstante, a entidade beneficiaria poderá opoñerse á consulta polo órgano xestor, e nese caso deberá presentar as certificacións nos termos previstos regulamentariamente.

QUINTA.– Condicións de pagamento

1. Conforme ao estipulado no artigo 60 e 62 do Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, GAIN, efectuará o pagamento anualmente da cantidade estipulada no convenio a BIOGA, previa comprobación da realización do obxecto do convenio e validada a documentación xustificativa presentada en GAIN, conforme o sinalado a continuación

	ANO 2024	ANO 2025	TOTAL
Orzamento total das actuacións	159.274 €	208.363 €	367.637 €

Axuda máxima concedida	100.000 €	150.000 €	250.000 €
Período de execución (realización de gastos e pagos)	Dende a data da sinatura ata o 31.10.2024	Dende o 01.11.2024 ata o 31.10.2025	
Data límite de presentación da documentación xustificativa	12.11.2024	12.11.2025	

2. En todo caso, só se considerará gasto realizado o que fose efectivamente pagado durante o período de execución, sempre que se respecten os prazos de pagamento previstos na normativa sectorial que lle sexa de aplicación ou, na súa falta, nos establecidos na Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, en aplicación da Lei 18/2022, do 28 de setembro, de crecemento e creación de empresas.

3. Exceptúanse desta regra xeral aqueles gastos cuxos pagamentos deban efectuarse nun momento posterior por se axustaren aos calendarios de recadación, como os ingresos á conta do IRPF ou cotas de seguros sociais liquidables con posterioridade á data de xustificación. A entidade subvencionada quedará obrigada a presentar os documentos acreditativos do seu pagamento antes de finalizar o mes seguinte ao que o beneficiario lle corresponda liquidar eses gastos.

4. De non xustificar o importe total das actuacións desenvolvidas, GAIN, minorará a súa achega proporcionalmente, sempre e cando se acadara o obxecto do presente convenio.

5. Para a xustificación de cada pagamento, BIOGA achegará a documentación que se relaciona na cláusula seguinte acompañada dun informe/memoria das actividades desenvolvidas.

6. O pagamento realizarase unha vez comprobada a axeitada xustificación da subvención conforme co artigo 30 da Lei de subvencións de Galicia.

7. Por resolución motivada de GAIN, previa solicitude debidamente xustificada de BIOGA, poderán autorizarse pagos anticipados de ata o 60% do importe do convenio naqueles casos en que o investimento esixa pagamentos inmediatos de acordo co artigo 63 do Decreto 11/2009. Estes anticipos non poderán superar a anualidade prevista en cada exercicio orzamentario. Para a primeira anualidade, poderase solicitar ata o 100% do importe acordado para este período. Segundo o artigo 62 do Decreto 11/2009, a suma dos pagos a conta e dos anticipos non poderá ser superior ao 80% da porcentaxe subvencionada correspondente aos pagamentos xustificados, nin excederá a anualidade prevista en cada exercicio orzamentario.

Se BIOGA quixera solicitar o anticipo, deberá presentar a solicitude no modelo do anexo III e deberá

achegar a seguinte documentación complementaria:

- Declaración do conxunto de axudas solicitadas ou concedidas para o mesmo fin, de todas as administracións públicas.
- Certificación bancaria actualizada onde se materializará o pago.

En todo caso, a solicitude do anticipo deberá cursarse non seguintes prazos:

1ª anualidade: dende a data de sinatura do convenio ata o 30 de abril de 2024.

2ª anualidade: dende o fin do prazo da primeira anualidade ata o 30 de abril de 2025.

O anticipo da segunda anualidade pagarase tras a revisión por parte de GAIN da xustificación da primeira anualidade. No caso de que a xustificación da anualidade sexa insuficiente e dea lugar a unha minoración da subvención, detraerase do importe para pagar, de ser o caso, no segundo anticipo.

8. A realización dos citados pagamentos parciais á conta e anticipados, está exenta da constitución de garantías polo Consello da Xunta de Galicia conforme ao disposto no artigo 67.4 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

SEXTA.– Forma de xustificación.

1. Como documentación xustificativa da realización das actividades do convenio e con arranxo ao sinalado no artigo 48 do Decreto 11/2009, BIOGA deberá presentar:

- Unha memoria de actuación xustificativa do cumprimento de cada unha das actuacións obxecto do convenio. Presentarase un informe final detallado para cada unha das accións con indicación do cumprimento respecto ao planificado e os resultados obtidos, no seu caso, achegando un exemplar da documentación elaborada acompañada dunha copia en formato CD ou USB, así como calquera entregable, material gráfico, folleto ou fotografías que se obteña no desenvolvemento de cada actividade.
- Memoria económica da aplicación dos fondos destinados ao convenio, na que conste:
 - A) Unha relación clasificada dos gastos e investimentos de cada actividade, con identificación do concepto de gasto, acredor e do documento, o seu importe, data de emisión e data de pagamento.

B) Documentación xustificativa do investimento: documentos acreditativos dos gastos consistentes en facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, segundo o establecido no artigo 28.3 da Lei 9/2007 e no artigo 48 do Decreto 11/2009. As facturas deberán conter suficiente información que permita relacionala co gasto xustificado. Cando o beneficiario non dispoña de facturas electrónicas, deberá achegar unha copia en formato pdf. dos documentos orixinais.

C) Documentación xustificativa do pagamento: copia de transferencias bancarias, certificacións bancarias ou extractos bancarios, ou documentos obtidos a través da banca electrónica. Nestes documentos deberán estar claramente identificados o receptor e o emisor do pago que deberán ser o emisor da factura e o beneficiario da axuda, respectivamente; o número e o importe total da factura satisfeito. De non estar acreditado o pago íntegro mediante estes documentos nos prazos previstos na cláusula quinta do presente convenio o gasto non será subvencionable.

No caso de que no documento de pago non se faga referencia ás facturas, deberá ir acompañado da documentación complementaria que permita verificar a correspondencia entre gasto e pago. Non se aceptarán aqueles documentos de pago que non permitan identificar claramente as facturas vinculadas a que corresponden.

No caso de que un xustificante de pago inclúa varias facturas, acompañarase dunha relación detallada delas en que se poida apreciar que o pago se corresponde coas devanditas facturas.

No caso de facturas pagas conxuntamente con outras non referidas ao convenio, será necesario presentar o correspondente documento bancario acompañado da orde de pago da entidade coa relación detallada das facturas ou alternativamente un certificado de recibir o pago das facturas incluídas na conta xustificativa, emitido por parte do subministrador.

D) No caso de custos de persoal:

- Certificación dos custos de persoal emitida polo responsable de recursos humanos co visto e prace do responsable de BIOGA, consistente nunha relación detallada, por meses, do persoal dedicado ás actividades obxecto do convenio, que deberá incluír os seguintes datos: DNI, nome, apelidos, posto na entidade, retribución bruta e líquida mensual, data de pagamento das retribucións, importe da Seguridade Social con cargo a entidade, data de pagamento da Seguridade Social e custo total imputado (retribucións e seguridade social) segundo a dedicación de cada traballador ás actividades do convenio.

- Declaración asinada polo responsable de recursos humanos cos importes mensuais de retencións do IRPF dos traballadores dedicados ás actividades do convenio, acompañada dos

modelos 111 e dos seus correspondentes xustificantes bancarios. Nos documentos correspondentes a cotas liquidables con posterioridade á data de xustificación prevista no convenio para os anos 2024 e 2025, o importe considerarase xustificado coa presentación da citada declaración, quedando a entidade beneficiaria obrigada a presentar os documentos acreditativos da súa liquidación antes de finalizar o mes seguinte ao que o beneficiario correspóndalle liquidar eses gastos. Para o ano 2025, a data límite de execución (realización de gastos e pagos) será o 31 de outubro de 2025, conforme ao indicado na cláusula quinta.

- Copia do Informe de datos para a cotización (IDC) para cada un dos traballadores e relativa a cada un dos períodos de xustificación.

- Copia das nóminas do persoal adicado ás actividades do convenio e orixinal ou copia cotexada dos xustificantes bancarios do seu pagamento. Nos xustificantes de pagamento das nóminas deberán vir detallados os seus receptores, así como as cantidades percibidas por cada un deles. Cando a documentación xustificativa deste gasto conste dun xustificante bancario da remesa total mensual, deberá achegarse a listaxe da orde de transferencia en que se detallen os distintos traballadores incluídos, que deberá estar selada pola entidade bancaria.

- Boletíns de cotización á Seguridade Social e os seus xustificantes de pagamento (orixinal ou copia cotexada). Nos documentos correspondentes a cotas liquidables con posterioridade á data de xustificación para os anos 2024 e 2025, a entidade quedará obrigada a presentar os documentos acreditativos da súa liquidación antes de finalizar o mes seguinte ao que o beneficiario lle corresponda liquidar eses gastos. Para o ano 2025, a data límite de execución (realización de gastos e pagos) será o 31 de outubro de 2025, conforme ao indicado na cláusula quinta.

- E) No suposto de que o importe do IVE supoña un custo real soportado, poderá ser considerado un gasto subvencionable só para os casos en que o seu importe non sexa recuperable total ou parcialmente. Neste caso, deberase presentar un certificado relativo á situación da entidade con respecto ao IVE, de exención ou rateo.
- F) Tres ofertas de diferentes provedores cando o importe do gasto subvencionable, no caso de adquisición de bens de equipo e contratación de servizos ou subministracións e materiais, iguale ou supere os 15.000 euros no global do convenio cun mesmo provedor. Cando polas especiais características dos gastos non exista no mercado suficiente número de entidades que o presten ou subministren, deberá achegarse unha xustificación de tal circunstancia. Se a elección entre as ofertas presentadas non tivese recaído na proposta económica máis vantaxosa, deberá achegarse

unha memoria xustificativa.

- G) Carta de pagamento de reintegro no suposto de remanentes non aplicados, así como os xuros derivados destes, conforme ao establecido no artigo 48.2.g) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

2. Así mesmo, deberá presentar:

- Certificacións que acrediten que se atopa ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración Pública da Comunidade Autónoma, en cumprimento do artigo 31.7 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no caso de que o beneficiario se opoña a consulta polo órgano xestor.
- Declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións para a obtención de subvencións contempladas no artigo 10 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Declaración complementaria das axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para a mesma finalidade, das distintas administracións públicas competentes ou dos seus organismos ou sociedades. De ser o caso, deberá achegarse unha copia simple da resolución da concesión desas outras axudas.

3. GAIN resérvase o dereito a solicitar toda a documentación que considere precisa, en relación coa xustificación do cumprimento do obxecto do convenio.

4. BIOGA presentará toda a documentación de xeito electrónico a través do procedemento PR004A- Presentación electrónica de solicitudes, escritos e comunicacións que non contén cun sistema electrónico específico nin cun modelo electrónico normalizado, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal/tramites-e-servizos/solicitud-xenerica>), cubrindo o modelo de solicitude xenérica e presentando a documentación como arquivos anexos á dita solicitude con indicación da referencia CVGAIN_BIOGA_2024 no asunto. A solicitude deberá dirixirse á Axencia Galega de Innovación dentro da Consellería de Economía, Industria e Innovación. Pola súa parte, GAIN realizará calquera requirimento por escrito a través do Sistema de notificacións de Galicia-Notifica.gal

SÉTIMA.- Compatibilidade con outras axudas

A subvención concedida será incompatible con outras axudas ou subvencións para as mesmas actividades, xa que financian o máximo permitido dos custos subvencionables obxecto do convenio, conforme co establecido no Regulamento (UE) 651/2014 da Comisión, do 17 de xuño de 2014, artigos 27 e 28.

OITAVA.- Seguimento e evolución do convenio

1. Para garantir a correcta execución e seguimento do pactado neste convenio, constituirase unha Comisión de Seguimento e Coordinación integrada por dous representantes de GAIN, un deles actuará como presidente, e dous representantes de BIOGA, designados a tal efecto por cada parte.

2. Son funcións da Comisión de Seguimento e Coordinación as seguintes:

- Realizar o seguimento das actuacións do convenio.
- Propor solucións aos conflitos que puideran xurdir na aplicación e interpretación das cláusulas do convenio.
- Propor a GAIN variacións entre os importes asignados ás diferentes accións subvencionables recollidas no orzamento do convenio (Anexo II), que supoñan modificacións en algunha das accións subvencionables superiores ao 10% da previsión inicial, para adecualos á execución do convenio e sempre e cando estas variacións non supoñan un incremento do importe da subvención prevista para cada anualidade nin da subvención total.
- As que sexan precisas para garantir a correcta execución do convenio.

3. A Comisión reunirase as veces que sexan precisas á solicitude de calquera das partes asinantes.

4. Esta Comisión rexerase en canto a súa constitución, funcionamento e adopción de acordos pola normativa vixente en materia de órganos colexiados regulada na sección 3ª do capítulo primeiro do Título I da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración Xeral e do sector público autonómico de Galicia.

NOVENA.- Control

1. GAIN poderá realizar as actividades de inspección que considere oportunas para controlar o cumprimento da subvención.

2. En todo caso, as subvencións estarán sometidas á función interventora e de control financeiro exercido pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, nos termos que establece o título III da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia. Así mesmo, estará sometida ás actuacións de comprobación previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas.

DÉCIMA.- Alteración das actuacións

1. Tendo en conta o carácter estimativo do orzamento, aceptaranse variacións entre os importes asignados a cada unha das accións subvencionables recollidas no orzamento do convenio (Anexo II), que non supoñan modificacións en ningún destes conceptos superiores ao 10% da previsión inicial. Estas modificacións incrementarán as dotacións dos outros conceptos subvencionables.

A petición de BIOGA e previo informe favorable da comisión de seguimento prevista no convenio, GAIN poderá autorizar variacións superiores ao 10% entre os diferentes conceptos subvencionables recollidos no orzamento.

As modificacións sinaladas nos parágrafos anteriores serán posibles sempre e cando non supoñan un incremento do importe da subvención prevista para cada anualidade nin da subvención total.

2. Toda alteración nas accións a realizar, agás as sinaladas no parágrafo anterior, deberán ser obxecto de autorización por GAIN e formalizarse mediante a correspondente addenda ao presente convenio, consonte ou artigo 35 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

3. O convenio poderá ser modificado coa finalidade de lograr os obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira da Comunidade Autónoma de Galicia. As devanditas modificacións terán por obxecto a redución do volume das actuacións a desenvolver por BIOGA ou a ampliación do prazo de execución.

DÉCIMO PRIMEIRA.- Inexistencia de relación laboral

A subscrición do presente convenio, non implicará relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais que vaian a desenvolver as actuacións obxecto deste convenio con GAIN, de tal xeito que non se lle poderá esixir a esta Axencia responsabilidade ningunha, nin directa nin subsidiariamente, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do mesmo.

DÉCIMO SEGUNDA.- Autonomía do beneficiario

BIOGA manterá a súa autonomía respecto da Administración, o que supón que, a pesar de que a súa actividade favorece o interese xeral, a Administración non percibe a cambio da súa entrega unha vantaxe ou beneficio que afecte de forma directa a aquelas actividades que a Administración debe asumir como

propias no exercicio de competencias que as normas lle atribúen. Deste xeito, BIOGA será propietario intelectual dos traballos resultantes, co compromiso de poñelos a disposición de todas as empresas do sector biotecnolóxico de Galicia de forma indiscriminada.

DÉCIMO TERCEIRA.- Resolución

1. Serán causas de resolución do presente convenio procedendo ao reintegro, total ou parcial, da axuda percibida e dos xuros de mora correspondente dende o momento do pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro, as determinadas no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

2. En especial, son causas de resolución do presente convenio as seguintes:

- A desviación dos fondos outorgados para outra finalidade distinta da sinalada neste convenio.
- O incumprimento da obriga da xustificación do investimento realizado.
- O incumprimento de calquera outra das cláusulas establecidas no convenio
- O transcurso do tempo estipulado sen que se desenvolva o mesmo.
- O acordo mutuo das partes.
- O incumprimento total dos fins/obxectivos do convenio, determinado a través dos mecanismos de seguimento e control, da realización do investimento financiable ou da obriga de xustificación, serán causa de perda do dereito ao cobramento ou de reintegro total da subvención.

3. Considerarase igualmente como incumprimento total a xustificación de menos do 50% do gasto subvencionable recollido no anexo II do convenio, coas consecuencias previstas no paragrafo anterior.

4. No caso de que se xustifique un gasto subvencionable inferior ao recollido no anexo II, pero igual ou superior ao 50% daquel, considerarase a existencia dun incumprimento parcial e dará lugar á perda do dereito ao cobramento da subvención na porcentaxe correspondente ao gasto ou investimento non xustificada.

5. O incumprimento parcial dos fins/obxectivos do convenio dará lugar á perda do dereito ao cobramento ou ao reintegro parcial da subvención na porcentaxe que se determine nos informes de seguimento.

DÉCIMO CUARTA.- Natureza e resolución de conflitos

1. O presente convenio ten carácter administrativo e asínase ao abeiro dos artigos 19.4 e 26 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, rexéndose para os seus efectos polo establecido nas súas cláusulas e polas previsións do Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento do citado texto legal.
2. GAIN ostentará as potestades específicas derivadas da relación xurídica subvencionadora. Os actos ditados en exercicio das devanditas potestades serán de coñecemento e competencia da Orde Xurisdiccional do Contencioso-Administrativo.
3. As axudas obxecto do presente convenio están dirixidas á realización de actividades de I+D+i sen ánimo de lucro por parte dunha agrupación empresarial innovadora, que á súa vez cumpre coa condición de peme, segundo as definicións recollidas no Regulamento (UE) 651/2014 da Comisión. Este programa de actividades redundará no beneficio de todas as empresas do sector biotecnolóxico dun xeito indiscriminado sen que supoña beneficio económico para BIOGA, polo que cumpre normativa europea de aplicación.
4. O obxectivo é estimular a actividade investigadora mediante o intercambio de coñecementos, a contribución efectiva á transferencia de coñecemento, a difusión de información e a colaboración entre as empresas e outras organizacións da agrupación.
5. A Comisión de Seguimento prevista na cláusula oitava do presente convenio ostentará as prerrogativas de interpretación, modificación, resolución e nulidade. As cuestións litixiosas que poidan xurdir na interpretación e cumprimento do convenio serán de coñecemento e competencia da Orde Xurisdiccional do Contencioso - Administrativo.

DÉCIMO QUINTA.- Vixencia do convenio

O presente convenio estará vixente desde a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2025, sen prexuízo de que o período para a realización das actividades obxecto deste sexa ata o 31 de outubro 2025, como se indica na cláusula quinta.

E en proba de conformidade, asinan electrónicamente o presente Convenio, na data indicada na marxe.

A presidenta da Axencia Galega de Innovación e
conselleira de Economía, Industria e Innovación
da Xunta de Galicia,

María Jesús Lorenzana Somoza

O presidente da Asociación BIOGA-Clúster
Tecnolóxico Empresarial das Ciencias da Vida

José Manuel López Vilariño

ANEXO I - FICHAS DE ACTUACIÓNS A REALIZAR NO MARCO DO CONVENIO BIOGA | GAIN 2024 – 2025

As actuacións para levar a cabo por BIOGA en colaboración con GAIN son as seguintes:

Actuación 1. Custos relativos a servizos externos para o asesoramento e apoio en materia de innovación.

- Acción 1.1. Estudos de benchmarking con outras biorrexións para o período 2024-2025.
- Acción 1.2. Apoio para a dinamización de proxectos europeos e atracción de investimentos ao sector bio.
- Acción 1.3. Servizos de apoio á transferencia para o fomento do Bioemprendemento.
- Acción 1.4. Fomento de boas prácticas a nivel internacional.

Actuación 2. Custos relativos ao funcionamento do clúster.

- Acción 2.1. Organización dos Premios BIOGA.
- Acción 2.2. Elaboración do informe Anual de Situación do sector biotech.
- Acción 2.3. Accións orientadas a captar financiamento privado.
- Acción 2.4. Accións para o fomento de proxectos e iniciativas sectoriais biohíbridos.
- Acción 2.5. Accións para a participación e representación en feiras e eventos de interese do sector biotech no ámbito nacional e internacional.

A continuación detállanse os orzamentos e o alcance de cada unha das actuacións:

ACTUACIÓN 1: CUSTOS RELATIVOS A SERVIZOS EXTERNOS PARA O ASESORAMENTO E O APOIO EN MATERIA DE INNOVACIÓN

Acción 1.1	Apoio en estudos de benchmarking con outras biorrexións e prácticas innovadoras a nivel internacional
Obxectivo	Dimensionar as capacidades do sector biotecnolóxico galego a nivel internacional para os próximos anos, en base á actividade deste, usando diferentes ferramentas innovadoras e bases de datos que permitan comparar e analizar os principais indicadores económico-financeiros empresariais, de investigación e de transferencia de tecnoloxía que plasmen a folla de ruta do sector biotech na comunidade galega e como se percibe a nivel internacional, en accións cara ao exterior e viceversa, en comparativa con outras biorrexións punteiras e co fin de mellorar os servizos que se ofrecen ao ecosistema biotech. Fomento de acordos e colaboracións a nivel internacional para o intercambio de boas prácticas en modelos innovadores, desenvolvemento de negocio, comercialización da innovación e atracción de investimento no ámbito biotecnolóxico, facilitando a conformación de delegacións co-lideradas entre axentes da Industria e Administración e na que participen actores clave de todo o ecosistema.
Tarefas	- Consultoría de estudos de comparativa (benchmarking) con outras biorrexións europeas e definición e asesoramento para a implementación na rexión das accións innovadoras clave. - Servizo externo de apoio para o desenvolvemento de boas prácticas entre biorrexións e entidades homólogas na dinamización (ex. CEBR) en ecosistemas rexionais a nivel internacional, coa participación en grupos de traballo para fortalecer a transferencia de coñecemento e a colaboración entre agrupacións industriais/ecosistemas biotech en Europa e apoiar o crecemento sostible das Pemes.
Impactos cualitativos esperados	- Mellora na folla de ruta de evolución e tendencia do sector biotecnolóxico en Galicia nos próximos anos a través da innovación. - Coordinación e integración das principais magnitudes económicas do sector e a biorrexión. - Maior visibilidade dos datos macroeconómicos de evolución e segmentación do sector biotech para 2024-2025.

	- Mellora nos servizos innovadores que ofrece o clúster ao ecosistema. - Reforzo dos compromisos e interacción directa con diferentes biorrexións punteiras e innovadoras a nivel mundial. - Aumento na implementación de ferramentas innovadoras nas pemes para a comercialización de resultados.
Indicadores cuantitativos	- Análise benchmarkig con 3 biorrexións. - Asesoramento para a implementación de 3 solucións innovadoras en actividades clave para o ecosistema. - 4 acordos de intercambio de boas prácticas a nivel internacional público-privado. - 12 pemes participantes no intercambio de boas prácticas xunto a BIOGA e outros axentes de interese.
Entregable/s	- Estudo de benchmarking con outras biorrexións. - Informe que recolla solucións innovadoras a implementar polo clúster para potenciar a dinamización do ecosistema biotech galego. - Análise dos resultados de impacto do sector sobre diferentes fontes económicas (talento, financiamento, colaboración/hibridación, internacionalización). - Informes puntuais sobre implementación e toma de decisións no progreso de accións innovadoras clave no sector. - Acordos asinados con outras biorrexións internacionais - Informe de asesoramento coas follas de ruta das pemes participantes no intercambio de boas prácticas con outras biorrexións.
Orzamento en servizos externos	48.364 €

Acción 1.2	Apoio para a xeración de proxectos europeos
Obxectivo	Implementar boas prácticas e ferramentas que fagan máis competitivos aos axentes do ecosistema biotecnolóxico galego a través da canalización de mecanismos xestionados por BIOGA que faciliten o lanzamento de convocatorias abertas para obter máis financiamento (por ex. <i>Cascade Funding, AEI</i>), co obxectivo de apoiar a capacitación de proxectos europeos e a estratexia de captación de

	fondos públicos e privados.
Tarefas	- Servizo de asesoramento na acreditación da <i>European Clúster Excellence Initiative (ECEI)</i> levarán a cabo todas as acreditacións para conseguir o selo europeo en 2024 e mantemento deste en 2025, se é posible. - Servizo externo de apoio na atracción de novos mecanismos de financiamento das actividades do clúster (por ex. modelos de <i>Cascade Funding</i>) co fin de axudar a start-ups, scale-ups, pemes e midcaps, permitindo a innovación nos servizos do clúster.
Impactos cualitativos esperados	- Maior presenza de empresas biotech nas convocatorias de financiamento público e maior captación de fondos europeos a través das iniciativas promovidas a través do clúster. - Aumento da canalización de financiamento por parte de organismos intermedios e Pemes para proxectos sectoriais e tractores.
Indicadores cuantitativos	- 1 selo de <i>European Clúster Excellence Initiative (ECEI)</i>. - 15 proxectos identificados, individuais ou en consorcio, a presentar a convocatorias principalmente europeas nacionais e/ ou internacionais.
Entregable/s	- Acreditación da <i>European Clúster Excellence Initiative (ECEI)</i> e renovación no caso de que sexa posible en 2025. - Informe de actividades realizadas para mellorar a implementación de mecanismos innovadores para a atracción de financiamento ende dinamización do ecosistema galego pemes.
Orzamento en servizos externos	60.000 €

Acción 1.3	Apoio na transferencia para o fomento do Bioemprendimiento
Obxectivo	Incrementar a capacidade dos investigadores biotech de Galicia para visibilizar e acelerar a comercialización de produtos e tecnoloxías resultantes do investimento en I+D. Esta iniciativa estará aliñada e coordinada coas accións do Programa Ignicia que promove o desenvolvemento de aplicacións comerciais das investigacións xeradas nos centros de coñecemento galegos especializados en diferentes liñas da biotecnoloxía. As accións centraranse nos centros de investigación con actividade nas ciencias da vida, en coordinación cos seus xestores de transferencia, p.e.:

	CIMUS, CIQUS, CINBIO, CICA, entre outros.
Tarefas	- Servizo externo de asesoramento e apoio para definir unha metodoloxía áxil de acompañamento aos xestores de transferencia os centros de I+D e os proxectos de transferencia por parte da clúster para acelerar e mellorar o éxito comercial. Traballárase tamén na creación dunha comunidade experta no acompañamento das primeiras etapas de transferencia, co fin de fortalecer a superación de fitos vinculados ao desenvolvemento de negocio no sector biotech. Trátase de apoiar aos investigadores galegos para: Bioemprender con garantía de éxito, reforzar a estratexia de lanzamento da empresa e coñecer as barreiras /oportunidades que ofrece o sector á hora de transferir tecnoloxía. - Detección de proxectos con capacidade de transferencia a mercado que poidan ser acelerados a través deste servizo ou doutras convocatorias como IGNICIA, en coordinación cos xestores dos centros.
Impactos cualitativos esperados	- Maior capacitación a emprendedores con información clave sobre os procesos de transferencia de tecnoloxía e/ou emprendemento en calquera das súas fases. - Intensificar os mecanismos de creación de startups e empresas biotecnolóxicas. - Reducir as barreiras de bioemprendemento na nosa comunidade. - Aumento das características de pervivencia e competitividade das empresas a longo prazo.
Indicadores cuantitativos	- Creación dun novo servizo no clúster de acompañamento ao emprendedor investigador. - 12 potenciais proxectos identificados na comunidade.
Entregable/s	- Memoria da folla de ruta e as dinámicas con emprendedores na identificación de iniciativas con potencial. - Dossier de tecnoloxías e proxectos con potencial de transferencia.
Orzamento en servizos externos	24.000 €

ACTUACIÓN 2: CUSTOS RELATIVOS AO FUNCIONAMENTO DO CLÚSTER

Acción 2.1.	Organización dos Premios BIOGA
--------------------	---------------------------------------

Obxectivo	Recoñecer o labor das empresas pioneiras do sector da biotecnoloxía de Galicia e valorar e promover o talento dos emprendedores no sector.
Tarefas	Organización de 2 convocatorias dos Premios BIOGA: - Convocatoria dos premios con 2 categorías definidas: empresa biotech máis competitiva e mellor idea empresarial biotech. - Reunión do xurado e elección de gañadores. - Entrega dos premios.
Impactos cualitativos esperados	- Identificación das mellores ideas e logros das empresas ou proxectos do ecosistema biotech galego. - Maior visibilidade dos fitos alcanzados ou novos modelos de negocio no mercado.
Indicadores cuantitativos	- 40 entidades participantes nas 2 edicións dos Premios. - Entrega de servizos ás entidades gañadoras por valor de 12.000€
Entregable/s	- Convocatoria dos Premios e informe do xurado. - 2 entregas de Premios celebradas.
Orzamento	32.000€
<i>Servizos e subcontratacións</i>	<i>24.000€</i>
<i>Persoal</i>	<i>8.000€</i>

Acción 2.2.	Elaboración do Informe anual de situación do sector biotech
Obxectivo	Actualización da memoria anual do sector biotecnolóxico galego que recolla a situación e tendencias do sector da biotecnoloxía en Galicia ao longo de todo o ano executado. Consecuentemente, é importante focalizarse na posta a disposición do ecosistema dunha radiografía actualizada e precisa da situación, evolución e tendencia do sector biotecnolóxico en Galicia anualmente, para que poidan facer uso dos datos resultantes.
Tarefas	Levarase a cabo a actualización e maquetación do Informe do Sector Biotecnolóxico de Galicia con datos relevantes do período para tratar e fitos a destacar:

	- Recollida de datos. - Actualización e maquetación do Informe do Sector Biotecnolóxico de Galicia con datos relevantes do período para tratar e fitos a destacar, no que se aborden os seguintes aspectos entre outros: - Datos económicos - Evolución do mercado e tendencias - A internacionalización da biotecnoloxía galega
Impactos cualitativos esperados	- Maior integración dos datos do sector. - Mellora do acceso a datos referentes do sector. - Mellora do seguimento e evolución dos resultados do sector.
Indicadores cuantitativos	N/A
Entregable/s	2 informes anuais do sector biotecnolóxico galego en formato dixital, que se entregarán preferiblemente a principios do terceiro trimestre.
Orzamento	24.000€
<i>Servizos e subcontratacións</i>	<i>10.000€</i>
<i>Persoal</i>	<i>14.000€</i>

Acción 2.3.	Accións orientadas a captar financiamento privado
Obxectivo	Esta actividade ten como obxectivo promover o acceso a financiamento privado para os proxectos e empresas do sector biotech en Galicia, facilitando o aumento da captación de fondos privados por parte destas.
Tarefas	- Lanzamento dunha convocatoria para o asesoramento a pemes na procura de financiamento privado. - Mentorizaxe e formación para as entidades seleccionadas da convocatoria. - Servizo de asesoramento e identificación de foros de investimento para a participación de empresas biotech co obxectivo de aumentar a captación de financiamento privado. - Posta en contacto das entidades seleccionadas con vehículos de investimento de interese a través da rede biotech.

Impactos cualitativos esperados	- Aumento do número de empresas na procura de investimento privado. - Aumento do montante total en captación de financiamento privado. - Maior dotación económica en primeira rolda para as empresas que saen ao mercado. - Maior interese de fondos de investimento por proxectos e empresas galegas.
Indicadores cuantitativos	- 30 iniciativas participantes no programa de asesoramento. - Identificación e xeración dunha BBDD de fondos de investimento nacionais e internacionais.
Entregable/s	- Informe final coas follas de ruta individualizadas das entidades participantes. - Base de datos con investidores identificados e segmentados en base a diferentes criterios de investimento.
Orzamento	28.000€
<i>Servizos e subcontratacións</i>	0€
<i>Persoal</i>	28.000€

Acción 2.4.	Accións para o fomento de proxectos e iniciativas sectoriais biohíbridos
Obxectivo	Alcanzar a especialización para o aumento da hibridación do sector biotecnolóxico con outros sectores estratéxicos para conseguir melloras competitivas conxuntas no marco da economía internacional. Enténdese por hibridación a crecente necesidade de innovar en diferentes sectores, mercados e áreas do coñecemento. Esta acción buscará fomentar esta hibridación do sector biotecnolóxico con sectores potencialmente usuarios, co fin de crear sinerxias entre eles, mellorar a transferencia de tecnoloxía do sector bio cara a sectores relacionados e promover a internacionalización destes proxectos hibridados.
Tarefas	Accións para o fomento de retos sectoriais, nas que empresas galegas ou de fóra de Galicia presenten desafíos aos que pemes ou grupos de investigación poidan ofrecer solucións. Un espazo para dar cabida a transferencia de tecnoloxía e conexión investigación – industria a través de grupos de investigación e desenvolvemento empresarial a través de pemes. Identificaranse retos, maioritariamente de grandes empresas, que poidan ser resoltos por pemes e grupos de investigación do ecosistema biotech galego. Unha

	vez identificados, BIOGA buscará cales son os mellores solucionadores e realizará as accións oportunas de conexión e asesoramento para potenciar as colaboracións entre estas entidades. Farase especial fincapé na detección de retos de entidades usuarias ou potencialmente usuarias da biotecnoloxía, co obxectivo de fomentar os procesos de hibridación e potenciar a incorporación de solucións de proxectos e empresas galegas en grandes e medianas empresas. Para complementar estas accións, xenerarase unha estrutura de coordinación e xestión da Agrupación Empresarial Innovadora, para o desenvolvemento de colaboracións e intercambio de boas prácticas con AEIs consolidadas.
Impactos cualitativos esperados	- Maior relevancia do tecido biotech con outras industrias da economía. - Maior capacidade de desenvolver competencias ou proxectos bio, debido á localización e aglutinamiento de todas as posibilidades reais en Galicia neste ámbito. - Aumento dos coñecementos e capacidades para xerar produtos, servizos e solucións integradores e de valor engadido para o mercado e a sociedade. - Maior xeración de negocio a través da adquisición de tecnoloxías desenvolvidas por proxectos e empresas. - Capacitación de BIOGA para a obtención de financiamento e proxectos innovadores a través da AEI.
Indicadores cuantitativos	- Identificación de 3 novos subsectores usuarios da innovación biotecnolóxica galega. - Aumento de polo menos 5 novas entidades por cada subsector usuario identificado. - Mapeo con 10 entidades cun novo produto, servizo ou solución integradora xerada e de valor engadido para o mercado e a sociedade. - Estruturação de BIOGA como Agrupación Empresarial Innovadora (AEI).
Entregable/s	- Planificación das accións para validación previa de GAIN. - Informe coas 25 novas entidades referentes e empresas tractoras en "consumo" de innovación biotecnolóxica galega. - Informe coas conexións e colaboracións desenvolvidas no marco da actuación. - Informe de accións realizadas para a estruturação dun departamento de

	proxectos vinculado á AEI, colaboracións establecidas e proxectos presentados.
Orzamento	42.000€
Servizos e subcontratacións	0€
Persoal	42.000€

Acción 2.5.	Accións para a participación e representación en feiras e eventos de interese do sector biotech no ámbito nacional e internacional
Obxectivo	Visibilizar de maneira integral a potencia do sector biotecnolóxico galego no marco de feiras e eventos de interese para o sector biotech coa finalidade de xerar negocio durante os días dos eventos e impulsar a colaboración entre empresas galegas e outras entidades, así como reducir custos de participación por cada entidade asistente a este tipo de iniciativas.
Tarefas	- Elaboración dun catálogo anual de feiras e eventos de interese para o sector biotech galego 2024-25 no primeiro trimestre de cada ano. - Actividades de visibilización do sector galego no marco das feiras e eventos de interese seleccionados. - Actividades de participación en <i>partnerings</i> especializados para xerar contactos de interese.
Impactos cualitativos esperados	- Maior visibilidade das capacidades da biorrexión galega. - O fomento de maior volume de negocio. - Maior participación de entidades galegas.
Indicadores cuantitativos	- 8 accións de presentación ou difusión das capacidades da biorrexión galega en eventos de interese para o sector biotech. - Asesoramento a 20 entidades na procura de eventos de interese para o seu negocio. - Xeración de 160 novos contactos de interese.
Entregable/s	- Catálogo de feiras e eventos de interese con presenza e participación de entidades galegas do ámbito biotech. - Informe das accións de presentación das capacidades da biorrexión galega. - Informe dos asesoramentos a empresas para a participación en eventos clave de interese para o seu negocio. - Base de datos cos contactos xerados.
Orzamento	48.000€
<i>Servizos e subcontratacións</i>	0€
<i>Persoal</i>	48.000€

ANEXO II– CADRO ORZAMENTARIO DESAGREGADO



Conceptos		
Acción 1.1	Servizos externos	48.364 €
Acción 1.2	Servizos externos	60.000 €
Acción 1.3	Servizos externos	24.000 €
Subtotal Actuación 1	Custos directos	132.364 €
	Axuda (100%)	132.364 €
Acción 2.1	Servizos e subcontratación	24.000 €
	Persoal	8.000 €
Acción 2.2	Servizos e subcontratación	10.000 €
	Persoal	14.000 €
Acción 2.3	Servizos e subcontratación	0 €
	Persoal	28.000 €
Acción 2.4	Servizos e subcontratación	0 €
	Persoal	42.000 €
Acción 2.5	Servizos e subcontratación	0 €
	Persoal	48.000 €
Subtotal Accións 2	Servizos e subcontratación	34.000 €
	Persoal	140.000 €
Subtotal Actuación 2	Custos directos	174.000 €
	Axuda (50%)	87.000 €
Total custos directos		306.364 €
Subtotal custos indirectos	Estimados sobre o 20% de custos directos	61.273 €
	Axuda (50%)	30.636 €

Distribución orzamentaria por anualidades:

	2024	2025	Total
TOTAL ORZAMENTO	159.274 €	208.363 €	367.637 €
TOTAL AXUDA	100.000 €	150.000 €	250.000 €
ACHEGA BIOGA	59.274 €	58.363 €	117.637 €

ANEXO III

Don José Manuel López Vilariño, na súa condición de presidente da Asociación BIOGA-Clúster Tecnolóxico Empresarial das Ciencias da Vida (en adiante BIOGA) con NIF G70259312 e sede na Rúa Murcia, edificio CSIEB, Polígono A Sionlla 3, 15707 Santiago de Compostela (A Coruña), actuando en representación desta en uso das atribucións que lle confire o artigo 22 dos Estatutos desta entidade e en virtude da aceptación do cargo de presidente da data 09.06.2023.

MANIFESTA:

Que a antedita entidade subscribiu o Convenio de colaboración entre a Axencia Galega de Innovación e a Asociación BIOGA-Clúster Tecnolóxico Empresarial das Ciencias da Vida para a implementación dun plan de actividades para impulsar a competitividade, a innovación e a transferencia no tecido empresarial galego do sector biotecnolóxico no período 2024-2025.

A contía da axuda é:

ANUALIDADE 2024	ANUALIDADE 2025	TOTAL AXUDA
100.000 €	150.000 €	250.000 €

SOLICITA:

O pagamento anticipado do % da anualidade

MOTIVO DA SOLICITUDE DO ANTICIPO

DECLARA:

Ter iniciado ou estar continuando coas actividades do plan dende ou na data

ACHEGA A SEGUINTE DOCUMENTACIÓN:

- ☐ Declaración de axudas solicitadas ou concedidas.
☐ Certificación de titularidade da conta bancaria.

A identificación da conta bancaria onde farase o pagamento:

IBAN:

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

DATA	